

## II- GLOSARIO DE TERMOS

### IAC

Inseminación artificial conxugal, con semen da parella. A inseminación artificial conxugal consiste en depositar semen preparado da parella no útero ou matriz da muller.

### IAD

Inseminación artificial con semen de doante. A inseminación artificial con semen de doante consiste en depositar semen dun doante no útero ou matriz da muller.

### FIV

Fecundación In Vitro. Esta técnica consiste en poñer en contacto no laboratorio os óvulos da muller e os espermatozoides da parella ou doante. Entre 2 e 5 días despois deposítanse no útero da muller os embrións obtidos. Os embrións óptimos sobrantes serían conxelados.

### ICSI

Inxección intracitoplasmática de semen. Refírese á realización dunha fecundación in Vitro onde se realiza una fecundación del óvulo a través da ICSI ou microinxección. Esta técnica consiste na introdución dun espermatozoide directamente no óvulo para a súa fecundación.

### Maduración in Vitro

Son tratamentos de fecundación in Vitro onde a extracción de óvulos realízase de forma prematura. Os óvulos inmaduros madúranse no laboratorio antes de ser fecundados co semen.

### Doación de ovocitos

Son ciclos de fecundación in Vitro onde os óvulos son aportados por unha doante.

### Vitrificación de óvulos

Son tratamentos de fecundación in Vitro onde os óvulos conxélanse. Nunha segunda fase eses óvulos desconxélanse e fecúndanse con semen.

### DGP (diagnóstico xenético preimplantacional):

Tratamiento de fecundación in Vitro onde realízase unha análise xenética aos embrións antes de se transferir.